



**ADAPTACIÓN DE MATERIAS
AO CRÉDITO EUROPEO**

TITULACIÓN DE PSICOLOXÍA

PROXECTO ACSUC



**ADAPTACIÓN DE MATERIAS
AO CRÉDITO EUROPEO**

TITULACIÓN DE PSICOLOXÍA

PROXECTO ACSUC



Avaliación da experiencia piloto de adaptación de ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Decanato da Facultade de Psicoloxía da USC

Santiago de Compostela, setembro 2006

Experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05 e 2005-06)

Posta en marcha por iniciativa do Decanato da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Coordenada pola Prof.^a Dr.^a Carolina Tinajero Vacas, vicedecana da Facultade

Financiada por:

ACSUG: 2ª Fase do proxecto de realización de estudos para a adaptación ao EEES

Universidade de Santiago de Compostela:

Vicerreitoría de Calidade e Planificación Estratéxica

Universidade de Santiago de Compostela:

Facultade de Psicoloxía

Autora do informe:

Prof.^a Dr.^a Carolina Tinajero Vacas

PERSONAL TÉCNICO DA ACSUG:

Julio Ernesto Abalde Alonso

Director da ACSUG

María Dolores Castro Pais

Técnico en EEES

Ana Isabel López Lorenzo

Técnico en EEES

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña



A ACSUG dispón dun sistema de xestión de calidade certificado de acordo á norma ISO-9001:2000, incluíndo, entre outras actividades, a avaliación de titulacións, programas servizos do SUG.

DESEÑO, MAQUETACIÓN E PRODUCCIÓN:

A Referencia S.L.

ISBN:

978-84-611-8204-6

Depósito Legal:

C-2655-2007

Índice

| | | |
|-----------|--|-----------|
| 1. | Introdución | 7 |
| 2. | Deseño do proxecto de adaptación | 11 |
| 3. | Desenvolvemento da experiencia (1) | 15 |
| 4. | Desenvolvemento da experiencia (2) | 23 |
| 5. | Avaliación global | 53 |
| 6. | Recomendacións | 59 |
| 7. | Anexos | |
| | ANEXO I. Cuestionario de avaliación da experiencia piloto, para alumnado | 63 |
| | ANEXO II. Cuestionario de avaliación da experiencia piloto, para profesorado. | 65 |
| | ANEXO III. Metodoloxías docentes. | 69 |
| | ANEXO IV. Relación do persoal implicado na experiencia | 71 |

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)



1. Introducción

1. Introducción

Obxectivos da titulación. O plano de estudos da licenciatura de Psicoloxía ten a finalidade de formar profesionais cos coñecementos científicos necesarios para comprender, interpretar, analizar e explicar o comportamento humano e coas destrezas e coas habilidades básicas para avaliar e intervir no ámbito individual e social ao longo do ciclo vital, co fin de promover e de mellorar a saúde e a calidade de vida.

Situación da titulación dentro do SUG. Os estudos de Psicoloxía impártense, no SUG, unicamente na Universidade de Santiago de Compostela. Foron implantados en 1979, como sección da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, e segréganse en 1991. O actual plano de estudos está vixente desde 2001; consta de 300 créditos, con tres orientacións especializadas (Psicoloxía Clínica, Psicoloxía Social e do Traballo e Intervención en Psicoloxía Evolutiva e da Educación).

Orixe do proxecto. A facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago vén a desenvolver diferentes iniciativas de cara a enfrontar o proceso de converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior. Unha delas foi a posta en marcha da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo. Ao ter coñecemento das medidas da ACSUG para promover este tipo de experiencias, a facultade de Psicoloxía solicitou a súa consideración nestas.

Obxectivos da experiencia. A Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago, persegue adaptar a titulación que imparte ao Espazo Europeo de Educación Superior en condicións que garantan a súa competitividade no novo contexto que, ao fío do proceso de converxencia, se estableza.

Resulta evidente que, xunto coa reforma dos planos de estudos, a necesidade máis inmediata que debemos atender para enfrontar a incorporación ao EEES é a adaptación do noso ensino aos métodos e aos procesos que configuran a base para a definición do coñecido como “crédito europeo”, por exemplo, unha metodoloxía e uns procesos de ensino/aprendizaxe centrados no traballo autónomo dos e das estudantes máis que na docencia presencial expositiva e configurados arredor de obxectivos de aprendizaxe non só conceptuais, senón tamén, de forma destacada, procedimentais e actitudinais.

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)



2. Diseño do proxecto de adaptación

2. Deseño do proxecto de adaptación

O conxunto do profesorado da Facultade de Psicoloxía é consciente do reto que se lle está a esixir e da necesidade de se reformular, en moitos casos de forma radical, a súa docencia. É consciente, tamén, de que as condicións actuais están lonxe de seren as adecuadas para afrontar este reto (elevado encargo docente presencial, inadecuada ratio profesor/alumno, excesivo tamaño dos grupos de clase, nalgúns casos necesidades de equipamento etc.). A pesar disto, un número significativo deste profesorado manifestou a súa disposición a encarar xa este reto e a comezar a deseñar novas prácticas docentes, co obxectivo de estaren debidamente preparados no momento en que entren en vigor a nova estrutura de títulos e os novos planos de estudos.

A experiencia en Psicoloxía, por tanto, púxose en marcha nas materias impartidas por aqueles profesores que manifestaran o seu interese en participar. Estas son as que se relacionan na seguinte táboa.

| MATERIA | CARÁCTER | CURSO | Núm. de alumnos que participan |
|--|----------|-------|--------------------------------|
| 081102-Atención e emoción | TR | 1º | 330 |
| 081204-Psicoloxía fisiolóxica | TR | 2º | 210 |
| 081406-Técnicas de modificación de conducta | TR | 4º | 150 |
| 081522-Psicofisioloxía aplicada | OP | 5º | 13 |
| 081535-Psicoloxía do currículo | OP | 5º | 22 |
| 081523-Psicoloxía da lectura | TR | 5º | 8 |
| 081502-Psicoloxía da linguaxe | OP | 5º | 100 |
| 081533-Familia e desenvolvemento humano | OP | 5º | 30 |
| 081532-Dificultades no desenvolvemento da linguaxe e intervención | OP | 5º | 14 |
| 081546-Rehabilitación psicosocial | OP | 5º | 84 |
| 081531-Construcción dos coñecementos e das aprendizaxes escolares: dificultades e intervención | OP | 5º | 26 |
| 081512-Orientación vocacional | TR | 5º | 108 |
| 081536-Toma de decisión vocacional e inserción socio-laboral | OP | 5º | 12 |
| 081541-Avaliación e intervención en psicoloxía da saúde | OP | 5º | 80 |

Nota.-TR =troncal, OB = obrigatoria, OP = optativa

2. Deseño do proxecto de adaptación

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

3

3. Desenvolvimento da experiencia (1)

3. Desenvolvemento da experiencia (1)

No curso 2004-2005 púxose en marcha un **programa de formación docente**, que incluíu seminarios sobre ferramentas didácticas (guías docentes, metodoloxías de ensino/aprendizaxe, novas tecnoloxías) e experiencias relacionadas co proceso de converxencia que se están a desenvolver noutras universidades. Relaciónanse, a continuación, estes seminarios:

7 de setembro (10:00 a 14:00 h.). Seminario formativo sobre “As guías docentes como instrumento metodolóxico para a planificación e o desenvolvemento das actividades formativas da materia”.

Prof. Miguel A. Zabalza (Dpto. de Didáctica e Organización Escolar, Universidade de Santiago de Compostela).

20-21 de setembro (10:00 a 14:00 h.). Seminario formativo sobre “A aprendizaxe baseada en problemas (PBL). Unha opción metodolóxica para promover as aprendizaxes integradas”.

Prof. Josep Eladi Baños (Facultat de Ciències de la Salut i de la Vida, Universitat Pompeu Fabra)

27 a 30 de setembro (12:00 a 14:00 h.). “Curso de iniciación á WebCT”. Curso formativo en WebCT para o deseño de cursos na rede como ferramenta de apoio á docencia.

Persoal do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA) da Universidade de Santiago de Compostela.

4 de outubro (10:00 a 14:00 h.). Seminario formativo sobre “A posta en marcha dunha experiencia piloto de adaptación ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade do País Vasco. O primeiro ano de aplicación”.

Prof.^a Nekane Balluerka (Vicedecana de Innovación Pedagóxica, Facultade de Psicoloxía, Universidade do País Vasco)

Prof. Enrique Arranz Freijo (Dpto. de Procesos Psicolóxicos Básicos e o seu Desenvolvemento, Universidade do País Vasco)

8 de outubro (10:00 a 14:00 h.). Seminario formativo sobre “Experiencias de innovación docente na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela”

Prof.^a M^a Teresa Carrillo de la Peña (Dpto. de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía, Universidade de Santiago de Compostela).

Prof.^a M^a Isabel Fraga Carou (Dpto. de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía, Universidade de Santiago de Compostela).

Prof. Onésimo Juncos Rabadán (Dpto. de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, Universidade de Santiago de Compostela).

3. Desenvolvemento da experiencia (1)

Titulación de Psicoloxía

15 de outubro (10:00 a 14:00 h.). Seminario formativo sobre “A posta en marcha dunha experiencia piloto de adaptación ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Almería. Fase de planificación”.

Prof. Fernando Sánchez-Santed, coordinador da experiencia piloto: “Guía para la implantación experimental del ECTS en la licenciatura de Psicología en las Universidades andaluzas”

Prof. Roberto Álvarez: guía da materia Historia de Psicoloxía da UAL

Prof. José Cimadevilla: guía da materia Fundamentos de Psicobioloxía da UAL

3-4 febreiro (10:00 a 14:00 h.). Seminario formativo sobre “Técnicas de dinámica de grupos aplicada ao ensino universitario”

Prof. Francisco Gil, Dpto. de Psicoloxía Social da Universidade Complutense de Madrid

15-16 de febreiro (10:00 a 14:00 h.). Seminario formativo sobre “Metodoloxía das guías de estudo en materias de psicoloxía”

Prof. Antonio Aguilera, Dpto. de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Sevilla

17 de marzo; 18 de abril e 12 de maio (10:00 a 14:00 h.). Obradoiro “Elaboración da guía docente nas materias de Psicoloxía”

Prof. Jesús García Martínez, Facultade de Psicoloxía da Universidade de Sevilla

11, 13, 18 e 20 de maio (17:00 a 20:30 h.). Seminario “Avaliación das aprendizaxes mediante TIC”

Prof.^a Beatriz Cebreiro, Dpto. de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela

13-15 de xuño (16:00 a 20:00 h.). Seminario “Estratexias de avaliación en materias de psicoloxía”

Prof. Felipe Trillo, Dpto. de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela

Os profesores interesados en participar na experiencia piloto foron, así mesmo, orientados na elaboración das **guías docentes** para implantar en dita experiencia. Mediante reunións periódicas, acordáronse criterios marco para a determinación da presencialidade/non presencialidade; estableceuse a información básica que debían conter as guías; coordinouse a asignación de competencias a materias etc. O proceso de elaboración das guías foi asesorado por un especialista externo, prof. Jesús García Martínez, director do Secretariado de Convergencia Europea da Universidade de Sevilla, que impartiu un seminario ao respecto e atendeu as consultas realizadas polo grupo de traballo constituído en Santiago. A continuación recóllese o modelo consensuado na elaboración das guías.

| GUÍA DOCENTE DA MATERIA | | |
|---|-------------------------------|---------------|
| DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA | | |
| CÓDIGO: | ANO DO PLANO DE ESTUDOS: 2001 | |
| TIPO (troncal/obligatoria/optativa) : | | |
| DEPARTAMENTO: | | |
| ÁREA: | | |
| Créditos teóricos ¹ : | Créditos prácticos: | |
| CICLO: | CURSO: | CUADRIMESTRE: |
| HORARIO ² : | | |
| LINGUA EN QUE SE IMPARTE: | | |
| PROFESOR/A/OS/AS³ (correo electrónico, teléf, url web, despacho, horario de titoría): | | |
| OBSERVACIÓNS ⁴ : | | |
| DATOS ESPECÍFICOS DA MATERIA | | |
| 1. REQUISITOS PREVIOS ⁵ : | | |
| 2. CONTEXTUALIZACIÓN ⁶ : | | |
| 3. COMPETENCIAS ⁷ | | |
| 4. OBXECTIVOS ⁸ | | |
| 5. CONTIDOS ⁹ | | |
| 6. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA ¹⁰ | | |
| 7. METODOLOXÍA DO ENSINO | | |
| 8. SISTEMA DE AVALIACIÓN | | |
| 9. TEMPO DE ESTUDO E DE TRABALLO PERSOAL QUE DEBE DEDICAR UN ESTUDANTE PARA SUPERALA ¹¹ | | |
| 10. RECOMENDACIÓNS PARA O ESTUDO DA MATERIA | | |

- 1 Nas materias piloto, poderase eliminar a diferenciación entre créditos teóricos e prácticos.
- 2 Farase unha referencia xenérica, sen distinción de grupos, e remitirse á páxina web ou aos taboleiros para máis detalle.
- 3 Cómpre indicar, en primeiro lugar, o/a coordinador/a da materia e indicar xunto a este, entre parénteses (coordinador) ou (coordinadora). Caso de estar distribuída a docencia por grupos de alumnos, indicarse no apartado de observacións. Caso de se distribuír por contidos, períodos etc., indicarse no apartado de contidos.
- 4 Cómpre indicar se o/a profesor/a pertence a un departamento/área distinta do da materia. Hai que indicar, tamén, a distribución da docencia por grupos de alumnos, se for o caso.
- 5 Cómpre redactar en termos de recomendacións, suxestións, condicións aconsellables... non en termos de condicións sine qua non.
- 6 Inclúe a conexión con outras materias, o sentido da materia no plano de estudos, o interese profesional... a xustificación da súa relevancia...
- 7 Elixir as competencias específicas e transversais que máis se axusten das listas que se inclúen no borrador do libro branco da titulación.
- 8 Hai que contemplar as facetas declarativa, procedimental e actitudinal do coñecemento nos obxectivos, aínda que non se diferencien explicitamente mediante epígrafes...
- 9 Queda ao arbitrio dos profesores recoller o que nos programas tradicionais incluía o programa teórico, o programa de prácticas ou as dúas cousas, e respectar a directriz da Comisión de Docencia de recoller epígrafes ou guións de cada tema. Canto ao tempo aproximado de clase teórica e práctica por tema (tamén directriz da Comisión de Docencia), enténdese suficiente a información proporcionada no apartado 10, aínda que se seguirá a directriz no programa Xescampus.
- 10 Segundo as directrices da Comisión de Docencia da Facultade de Psicoloxía, verificarase a súa dispoñibilidade na biblioteca.
- 11 Correspóndese coa ficha ECTS para os participantes na experiencia piloto.

3. Desenvolvemento da experiencia (1)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Titulación de Psicoloxía

Co comezo do curso 2005-06 púxose en marcha a implantación da experiencia en todas as materias previstas. Desde o decanato, facilitouse a entrega gratuíta das guías das materias ao estudiantado. Tamén se adaptaron os horarios das materias implicadas, segundo as demandas dos seus profesores e, na medida en que foi posible, no marco da organización global da actividade docente da titulación.

Ao longo do curso, leváronse a cabo varias reunións de coordinación do profesorado participante, con especial incidencia no profesorado de 5º curso, dado que nel concorren a maioría das materias implicadas no proceso e que, por tanto, requiren de maior coordinación.

Coa intención de reconducir o proceso, na medida das posibilidades, os profesores e os alumnos das materias que corresponden ao primeiro cuadrimestre, cubriron os cuestionarios de avaliación da experiencia, en que responderon a preguntas relativas á metodoloxía didáctica, ás súas vantaxes e problemas, ao traballo requirido etc. Recóllense ambos os cuestionarios nos anexos 1 e 2, respectivamente. Así mesmo, levouse a cabo unha reunión co estudiantado, de carácter aberto, en que puideron formular as súas opinións, preocupacións e propostas a respecto da experiencia.

Unha vez rematado o período docente, volvéronse a aplicar cuestionarios de avaliación aos profesores e aos alumnos das materias anuais e do segundo cuadrimestre. Os resultados de ambos os cuestionarios constituíron unha boa base sobre a que elaborar o presente informe.

Cumprimento das guías

Valoración nunha escala de 1(mínimo) a 5 (máximo) do cumprimento das guías docentes por parte do profesorado no apartado de **competencias**.

| Valoración | Núm. de materias | Porcentaxe | Porcentaxe válida | Porcentaxe acumulada |
|--------------|------------------|------------|-------------------|----------------------|
| 3 | 4 | 26,7 | 40,0 | 40,0 |
| 4 | 3 | 21,4 | 40,0 | 80,0 |
| 5 | 2 | 13,3 | 20,0 | 100,0 |
| Total | 9 | 64,3 | 100,0 | |
| Non informan | 5 | 35,7 | Media | Desv. típ. |
| Total | 14 | 100,0 | 3,78 | ,833 |

Valoración nunha escala de 1(mínimo) a 5 (máximo) do cumprimento das guías docentes por parte do profesorado no apartado de **obxectivos**.

| Valoración | Núm. de materias | Porcentaxe | Porcentaxe válida | Porcentaxe acumulada |
|--------------|------------------|------------|-------------------|----------------------|
| 3 | 3 | 20,0 | 30,0 | 30,0 |
| 4 | 5 | 33,3 | 50,0 | 80,0 |
| 5 | 2 | 13,3 | 20,0 | 100,0 |
| Total | 10 | 66,7 | 100,0 | |
| Non informan | 5 | 33,3 | Media | Desv. típ. |
| Total | 14 | 100,0 | 3,89 | ,782 |

Valoración nunha escala de 1(mínimo) a 5 (máximo) do cumprimento das guías docentes por parte do profesorado no apartado de **contidos**.

| Valoración | Núm. de materias | Porcentaxe | Porcentaxe válida | Porcentaxe acumulada |
|--------------|------------------|------------|-------------------|----------------------|
| 4 | 4 | 28,6 | 40,0 | 40,0 |
| 5 | 5 | 35,7 | 60,0 | 100,0 |
| Total | 9 | 64,3 | 100,0 | |
| Non informan | 5 | 35,7 | Media | Desv. típ. |
| Total | 14 | 100,0 | 4,56 | ,527 |

Incorporación de materias

Varios profesores manifestaron o seu interese en participar na experiencia o seguinte curso. Na presente edición, tres das materias inicialmente incluídas declinaron por dificultades de distinto tipo, que se recollen no apartado “Avaliación da experiencia polo profesorado”.

3. Desenvolvemento da experiencia (1)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)



4. Desenvolvimento da experiencia (2)

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Preséntanse en primeiro lugar, os obxectivos (según figuran nas guías docentes) e datos da evolución previa das cualificacións en cada materia participante. Seguidamente, ofrécense datos xerais do desenvolvemento da experiencia, baseados no cuestionario aplicado aos profesores. Recóllense, así mesmo, datos comparativos entre as materias de elevada e baixa matrícula e/ou participación do alumnado. Finalmente, ofrécense datos de esforzo e opinión do alumnado.

ATENCIÓN E EMOCIÓN (troncal, 1º curso, 4,5 créditos)

a. Obxectivos

1.- Cognitivos

- Coñecer os conceptos, os paradigmas e a terminoloxía que se vencella ao estudo do mecanismo atencional e do proceso emocional
- Coñecer a situación actual do ámbito da Psicología da Atención e da Emoción
- Familiarizarse coa investigación experimental realizada neses procesos cognitivos básicos
- Reflexionar sobre os aspectos cotiáns e que se aplican no estudo da atención e da emoción

2.- Procedimentais

- Conseguir ferramentas conceptuais e metodolóxicas vinculadas con estas disciplinas psicolóxicas
- Saber relacionar os datos obtidos na investigación destes procesos con outros procesos psicolóxicos
- Entender o papel que desempeñan a atención e a emoción no funcionamento cognitivo e psicolóxico xeral
- Aprender a investigar dentro do ámbito de estudo obxecto da materia
- Dominar as estratexias básicas de investigación que proporcionen habilidades para a formulación de hipóteses e o deseño de experimentos que permitan a súa comprobación ou rexeitamento
- Desenvolver habilidades que lles permitan adaptarse ao traballo en equipo

3.- Actitudinais

- Fomentar o espírito crítico en relación co acadado nos traballos de investigación de campo
- Respetar a diversidade teórica
- Coñecer e respectar a normativa ética na investigación

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 28 | 26 | 28 | 15 | 2 | 1 | 54 | 46 |
| 2005-2006 | 27 | 15 | 44 | 10 | 3 | 1 | 42 | 58 |

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

PSICOLOXÍA FISIOLÓXICA (troncal, 2º curso, 10 créditos)*a. Obxectivos:*

- 1.- Dar a coñecer o obxecto de estudo da disciplina, a súa definición e os seus antecedentes históricos
- 2.- Fomentar a comprensión dos principais métodos e das técnicas de investigación empregados en Psicología Fisiolóxica
- 3.- Dar a coñecer os mecanismos fisiolóxicos que están detrás dos principais aspectos do comportamento
- 4.- Fomentar a asimilación das teorías e dos modelos explicativos desenvolvidos ao respecto
- 5.- Dar a coñecer cales son e como se chega ás principais fontes documentais na disciplina

En todo caso o/a estudante deberá:

- 6.- Acadar unha visión o máis completa posible do enfoque que desde a Psicología Fisiolóxica se fai en Psicología, dos seus supostos, da contribución dos seus principais autores, das vantaxes deste enfoque e tamén das súas limitacións.

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 30 | 25 | 32 | 12 | 1 | 1 | 55 | 45 |
| 2005-2006 | 35 | 19 | 32 | 10 | 2 | 1 | 54 | 46 |

TÉCNICAS DE MODIFICACIÓN DE CONDUCTA (troncal, 4º curso, 10 créditos)*a. Obxectivos*

- 1.- Que o alumnado adquira os coñecementos teóricos, históricos e metodolóxicos básicos sobre a Modificación de Conducta
- 2.- Que o alumnado sexa consciente de que a ciencia psicolóxica en xeral e a modificación de conducta en particular, ten que se basear nunha metodoloxía científica rigorosa; isto esixe, na práctica clínica, unha observación sistemática, un diagnóstico, unha análise funcional coa formulación e coa posta a proba de hipóteses, unha aplicación do tratamento, unha avaliación e un seguimento
- 3.- Que o alumnado adquira os coñecementos técnicos necesarios sobre as distintas Técnicas de Modificación de Conducta e como implementalas na práctica clínica

- 4.- Que o alumnado adquira coñecementos teóricos e prácticos sobre o tratamento dos trastornos clínicos en adultos máis relevantes en que se aplican as Técnicas de Modificación de Conducta, baseados na eficacia, na efectividade e na eficiencia. Isto é, como intervir nos casos concretos coas técnicas máis adecuadas
- 5.- Que o alumnado coñeza o rango da relevancia dos distintos trastornos clínicos ou de conducta na práctica cotiá do psicólogo clínico e como se intervéneles
- 6.- Que o alumnado saiba procurar e indagar información adicional á proporcionada na clase para que poida funcionar de modo autónomo cando teña que obter información sobre algunha lagoa no seu coñecemento
- 7.- Que o alumnado teña unha ampla perspectiva de miras, un amplo coñecemento sobre que é a psicoloxía clínica, as limitacións que se presentan na intervención terapéutica con seres humanos etc., todo iso cun sentido crítico, mais partindo da metodoloxía científica rigorosa, da práctica clínica e das características individuais de cada persoa a que imos tratar nun contorno concreto. Con isto, poderemos axudar máis eficazmente a aquelas persoas que teñen problemas psicolóxicos e que sofren con eles
- 8.- Que o alumnado non perda nunca cal é o obxectivo da psicoloxía, a conducta, o da psicoloxía clínica, o estudo e o cambio da conducta anormal, e o da modificación de conducta, coas súas técnicas de cambio de conducta, mais sen perder de vista o feito de que a persoa é única e que nós debemos adaptarnos a ela e non ela a nós. Tamén a relevancia dos factores biolóxicos e sociais que poden estar na base do problema.
- 9.- Que o alumno saiba a relación que hai entre o traballo do psicólogo clínico e outros profesionais no campo da saúde mental, o que esixe a avaliación dos nosos tratamentos en relación cos outros (p. ex.: farmacolóxicos, educativos etc.), ter unha perspectiva interdisciplinar e coñecer o que podemos facer con eficiencia.
- 10.- Fomentar o coñecemento das limitacións que ten calquera ciencia para que, partindo delas, poidamos seguir avanzando.

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 35 | 17 | 20 | 24 | 2 | 2 | 52 | 48 |
| 2005-2006 | 33 | 22 | 14 | 25 | 4 | 2 | 55 | 45 |

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

PSICOFISIOLOXÍA APLICADA (optativa, 5º curso, 4.5 créditos)

a. Obxectivos

Xerais

Que os/as estudantes coñezan e entendan os fundamentos da Psico-fisioloxía Aplicada, as súas técnicas máis comúns e as súas principais aplicacións.

Específicos

- Dar a coñecer a natureza da disciplina, enmarcándoa dentro do ámbito das súas disciplinas matrices, a Psicofisioloxía e a Psicobioloxía, e das disciplinas do ámbito da Psicoloxía da Saúde con que mantén estreitas relacións
- Dar a coñecer os aspectos fundamentais da evolución histórica e dos antecedentes da disciplina
- Dar a coñecer os principais campos de aplicación da disciplina
- Dar a coñecer os marcadores obxectivos dos diferentes trastornos de aplicación da disciplina
- Adestrarse no manexo das técnicas e dos procedementos de intervención máis empregados na disciplina
- Dar a coñecer as principais fontes documentais na disciplina

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 20 | 10 | 20 | 30 | 20 | 0 | 30 | 70 |
| 2005-2006 | 28 | 0 | 36 | 22 | 14 | 0 | 28 | 72 |

PSICOLOXÍA DO CURRÍCULO (optativa, 5º curso, 4,5 créditos)

a. Obxectivos

Coñecementos:

1. Adquirir un coñecemento en profundidade sobre o modelo curricular do sistema educativo español e o marco conceptual en que se fundamenta
2. Coñecer a organización da intervención psicolóxica nos centros de educación infantil, de primaria e de educación secundaria obrigatoria do noso país
3. Comprender, analizar e valorar os aspectos psicopedagóxicos e curriculares que configuran o marco da intervención psicoeducativa na escola e que caracterizan o asesoramento curricular

Destrezas e actitudes:

1. Utilizar de forma estratéxica coñecementos conceptuais, procedementais e actitudinais útiles e relevantes para a intervención psicolóxica
2. Adquirir algunhas estratexias de intervención para a organización e a dinamización dos procesos de elaboración, a diferentes niveis de concreción (PCC, Programacións, ACI) da proposta curricular nun centro e do seu desenvolvemento na práctica
3. Axudar o alumnado a adquirir hábitos de traballo compartido e actitudes de colaboración interdisciplinaria, de respecto e de discreción, que o capacite para actuar en tarefas con outros profesionais e con persoas que interveñen nas situacións educativas especiais

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 5 | 0 | 9 | 68 | 18 | 0 | 5 | 95 |
| 2005-2006 | 4 | 0 | 43 | 53 | 0 | 0 | 4 | 96 |

PSICOLOXÍA DA LECTURA (troncal, 5º curso, 4,5 créditos)

a. *Obxectivos*

- Que os alumnos coñezan os fundamentos básicos dos distintos procesos psicolóxicos relacionados coa materia
- Que os alumnos coñezan os principais modelos teóricos de explicación do proceso da lectura
- Que os alumnos coñezan os distintos modelos de ensino da lectura
- Que os alumnos coñezan os procedementos de diagnóstico e de tratamento dos principais tipos de dislexia
- Que os alumnos sexan capaces de desenvolver un traballo práctico e de presentalo publicamente e por escrito
- Que os alumnos desenvolvan un interese xenuíno pola Psicoloxía da Lectura
- Que o alumno sexa capaz de traballar, non só de modo eficaz, senón tamén do mellor xeito posible

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Titulación de Psicoloxía

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 34 | 8 | 8 | 42 | 4 | 4 | 42 | 58 |
| 2005-2006 | 19 | 19 | 10 | 38 | 10 | 4 | 38 | 62 |

PSICOLOXÍA DA LINGUAXE (optativa, 5º curso, 4,5 créditos)

a. Obxectivos

- Que o alumnado lea e resuma axeitadamente a literatura científica sobre Psicoloxía da Linguaxe
- Que os alumnos coñezan e valoren a diversidade teórica e experimental da Psicoloxía da Linguaxe
- Que o alumno coñeza os distintos deseños de investigación e se inicie no uso dos procedementos e das tarefas experimentais propios da Psicolingüística
- Que os alumnos sexan capaces de realizar axeitadamente os informes experimentais que corresponden ás prácticas da materia
- Que os alumnos desenvolvan un interese xenuíno pola Psicolingüística
- Que o alumno sexa capaz de traballar, non só de xeito eficaz, senón tamén do mellor xeito posible

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 18 | 17 | 16 | 30 | 14 | 5 | 35 | 65 |
| 2005-2006 | 18 | 18 | 13 | 35 | 11 | 5 | 36 | 64 |

FAMILIA E DESENVOLVEMENTO HUMANO (optativa, 5º curso, 5 créditos)

a. Obxectivos

Xeral:

Reflexionar sobre algúns dos procesos relacionados coa realidade familiar como contexto de socialización e de desenvolvemento humanos.

Específicos:

1. Caracterizar as principais funcións, os procesos e as influencias que o contexto familiar exerce no desenvolvemento sociopersonal
2. Achegarse á familia desde unha perspectiva evolutiva-educativa como modelo de construción conxunta
3. Analizar os ámbitos en que o contexto familiar é susceptible de intervención e de achegar criterios e ferramentas de intervención sobre eles
4. Xerar orientacións e criterios de optimización educativa no ámbito familiar
5. Desenvolver unha capacidade crítica fronte á problemática familiar actual
6. Saber analizar, sintetizar, resumir e comunicar a información que sobre o contexto familiar se deriva de textos científicos e profesionais
7. Saber contribuír ao traballo en equipo

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 11 | 8 | 0 | 41 | 37 | 3 | 19 | 81 |
| 2005-2006 | 6 | 0 | 0 | 41 | 50 | 3 | 6 | 94 |

DIFICULTADES NO DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE E INTERVENCIÓN (optativa, 5º curso, 4,5 créditos)

a. Obxectivos

- Situar as dificultades no desenvolvemento da linguaxe nun marco psicolingüístico e evolutivo máis amplo
- Proporcionar un coñecemento das principais características das diferentes dificultades no desenvolvemento da linguaxe no neno
- Afondar no proceso de avaliación da linguaxe e na identificación das dificultades na súa adquisición
- Proporcionar as pautas sobre a intervención nas diferentes dificultades no desenvolvemento da linguaxe e sobre a orientación psicopedagóxica axeitada, se for o caso
- Desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades da traballo en equipo
- Desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades de síntese, de organización de contidos, de elaboración e de exposición
- Lograr no alumnado hábitos de traballo sistemático e distribuído ao longo do curso

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 18 | 0 | 0 | 37 | 36 | 9 | 18 | 82 |
| 2005-2006 | 7 | 0 | 27 | 45 | 14 | 7 | 7 | 93 |

REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL (optativa, 5º curso, 4,5 créditos)

a. Obxectivos

1. Coñecer o obxectivo de rehabilitación psicosocial, o seu alcance en distintos ámbitos, os seus problemas e as súas limitacións
2. Dominar a terminoloxía específica da rehabilitación psicosocial
3. Relacionar os conceptos de cronicidade e de estigma
4. Comprender os principios e os conceptos básicos que se suscitan desde a rehabilitación
5. Saber identificar deterioracións, discapacidades e minusvalías
6. Coñecer como se ven desenvolvendo o proceso de reforma psiquiátrica na comunidade galega e mais no resto das comunidades
7. Coñecer as distintas áreas en que se pode intervir en rehabilitación
8. Ser capaz de definir os obxectivos xerais e específicos adecuados para facer un plano de rehabilitación individualizado
9. Saber manexar e seleccionar os cuestionarios axeitados para as distintas áreas de avaliación
10. Dominar as estratexias adecuadas para motivar na rehabilitación os usuarios a as súas familias
11. Coñecer e saber aplicar indicadores de calidade para a avaliación dos programas

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 14 | 18 | 42 | 21 | 3 | 2 | 32 | 68 |
| 2005-2006 | 9 | 30 | 30 | 27 | 4 | 0 | 39 | 61 |

CONSTRUCCIÓN DOS COÑECEMENTOS E DAS APRENDIZAXES ESCOLARES: DIFICULTADES E INTERVENCIÓN (optativa, 5º curso, 8 créditos)

a. Obxectivos

Os obxectivos que se propoñen para acadar ao longo das sesións dedicadas á materia atenden á adquisición de coñecementos teóricos sobre os contidos que esta engloba e das habilidades de aprendizaxe e de aplicación destes coñecementos, así como á adopción de certas disposicións valorativas. En particular, é a nosa intención que os alumnos/as cheguen a:

- Asimilar as nocións centrais das elaboracións teóricas preponderantes sobre os procesos de construción de coñecementos e de aprendizaxes escolares. Sacar á luz as propias concepcións e contrastalas con estas elaboracións
- Tomar contacto cos procedementos cognitivos máis difundidos e investigados, a súa fundamentación teórica e os seus ámbitos de aplicación
- Coñecer a estrutura procedemental das principais áreas curriculares da educación escolar: Lingua e Literatura, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Matemáticas
- Aprender a programar o ensino de procedementos de aprendizaxe. Diferenciar entre as prácticas instrucionais compatibles e as incompatibles cos supostos teóricos asumidos
- Familiarizarse con algúns dos programas de adestramento cognitivo de maior difusión
- Iniciarse no emprego de técnicas de avaliación dos hábitos de estudo, de estratexias cognitivas, de estilos de aprendizaxe e de estilos cognitivos.
- Adoptar pautas e criterios de decisión sobre a introdución dos procedementos cognitivos e programas de adestramento no medio educativo
- Tomar conciencia da relevancia dos procedementos como contidos do currículo escolar
- Adoptar unha postura razoada a respecto do papel do psicólogo educativo no fomento do ensino-aprendizaxe de estratexias de aprendizaxe
- Facerse sensible ás diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe e na súa abordaxe educativa

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 11 | 5 | 18 | 26 | 37 | 3 | 32 | 68 |
| 2005-2006 | 4 | 0 | 4 | 50 | 38 | 4 | 39 | 61 |

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

ORIENTACIÓN VOCACIONAL (troncal, 5º curso, 4,5 créditos)

a. Obxectivos

A Orientación Vocacional é un proceso de asesoramento formativo, dirixido a axudar á persoa ou ao grupo a que acade un mellor coñecemento de si propio e das súas posibilidades, así como a lle axudar no proceso de toma de decisións. Co desenvolvemento desta materia, pretendemos que o alumnado acade os seguintes obxectivos conceptuais, actitudinais e procedementais:

- Dominar os conceptos básicos relativos aos procesos relacionados coa Orientación Vocacional
- Coñecer as teorías máis relevantes en Orientación Vocacional, as achegas e as limitacións
- Coñecer as principais fontes de procura da información da disciplina
- Coñecer as aplicacións dos coñecementos da Orientación Vocacional nos diferentes contextos
- Desenvolver a capacidade de elaboración de sínteses persoais que faciliten que os alumnos fagan seu o coñecemento elaborado na aula
- Participar en discusións en grupo reducido e na situación de clase, sobre o tema da materia
- Deseñar e desenvolver pequenas investigacións no ámbito vocacional
- Desenvolver por escrito informes de investigación
- Analizar con precisión e de xeito sistemático, as investigacións levadas a cabo neste ámbito
- Introducirse na metodoloxía de procura e de rastreo de fontes bibliográficas e de vías de acceso á documentación
- Habituar-se á metodoloxía de traballo en equipo nos debates en pequeno grupo, quer nas clases teóricas quer nas prácticas
- Estimular o desenvolvemento dun sentido crítico construtivo, que lles permita a análise e a avaliación rigorosa da literatura que existen sobre o tema
- Promover no estudantado os valores de cooperación, de respecto aos outros, de tolerancia, de compromiso e de apertura, que lle permita actuar como profesionais con valores humanos
- Fomentar no alumno a autopercepción como profesional e desenvolver os principios de comportamento e actitude de rigor, de iniciativa e de tenacidade
- Aproximarse aos principais métodos de investigación utilizados en orientación

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 20 | 13 | 11 | 30 | 21 | 5 | 33 | 67 |
| 2005-2006 | 17 | 8 | 34 | 31 | 6 | 4 | 25 | 75 |

TOMA DE DECISIÓN VOCACIONAL E INSERCIÓN SOCIO-LABORAL (optativa, 5º curso, 4,5 créditos)

a. Obxectivos

1. Coñecer as características e as variables que determinan a toma de decisión vocacional
2. Coñecer e analizar os diferentes contextos de intervención do psicólogo orientador no ámbito da toma de decisión e da inserción
3. Desenvolver hábitos e habilidades para o traballo en equipo
4. Adoptar unha actitude activa e crítica
5. Aprender a construír proxectos profesionais, a explorar as propias competencias e a valorar criticamente as oportunidades

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 0 | 0 | 0 | 20 | 73 | 7 | 0 | 100 |
| 2005-2006 | 14 | 0 | 28 | 43 | 15 | 0 | 14 | 86 |

AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA DA SAÚDE (optativa, 5º curso, 7,5 créditos)

Obxectivos

- Coñecer a pertinencia da aplicación da psicoloxía no ámbito dos procesos físicos de saúde-enfermidade desde unha perspectiva tanto de intervención como investigadora
- Saber describir a influencia dos aspectos psicolóxicos nos estados de saúde-enfermidade, no proceso de atención sanitaria e no desenvolvemento e na evolución de trastornos psicofisiolóxicos
- Aprender os elementos teóricos, históricos e metodolóxicos que definen o campo da Psicoloxía da Saúde
- Adquirir coñecementos sobre os conceptos e os modelos centrais en Psicoloxía da Saúde
- Coñecer cales son as liñas de investigación máis recentes en Psicoloxía da Saúde
- Saber cales son e como se accede ás principais fontes documentais en Psicoloxía da Saúde
- Recoñecer cales son os hábitos de conducta que serven para promover e manter a saúde, para prever a enfermidade, así como aqueles que predín os trastornos de saúde, como se adquiren e se manteñen eses hábitos e as intervencións que se deben levar a cabo para os modificar
- Comprender e identificar os aspectos psicosociais que se implican no proceso de atención sanitaria
- Saber describir e explicar os aspectos psicosociais implicados en distintos

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Titulación de Psicología

- trastornos de saúde, delimitar cales son as variables ou os factores psicolóxicos implicados en cada trastorno e adquirir os coñecementos teórico-prácticos para definir os procedementos de avaliación e de intervención psicolóxica en base á eficacia, efectividade e eficiencia que presentan
- Coñecer a relación que existe entre o traballo do psicólogo da saúde e outros profesionais que traballan no campo da saúde física, para definir desde a interdisciplinariade as achegas e as limitacións do psicólogo no ámbito da saúde, e para poñer énfase na necesidade de integrar os diversos perfís profesionais capaces de complementarse na tripla dimensión biopsicosocial da saúde
 - Adquirir sentido crítico sobre as limitacións que se presentan en Psicología da Saúde
 - Desenvolver a capacidade de comprender, de analizar e de sintetizar textos científicos e organizar a información
 - Ser capaz de delimitar o problema susceptible de intervención e as variables relacionadas no ámbito da Psicología da Saúde
 - Saber planificar unha procura bibliográfica, seleccionar información nunha biblioteca ou nunha hemeroteca e identificar e manexar como usuario as bases bibliográficas informatizadas relevantes en Psicología da Saúde
 - Adquirir a habilidade para transferir o coñecemento académico ás situacións reais, en termos prácticos de selección e aplicación de distintos métodos de avaliación e tratamento psicolóxico no ámbito da Psicología da Saúde
 - Desenvolver habilidades de comunicación oral e escrita e usar unha terminoloxía adecuada e rigorosa no ámbito da Psicología da Saúde
 - Dominar a redacción de informes psicolóxicos
 - Desenvolver habilidades para o traballo en equipo
 - Utilizar o estilo científico como forma de se enfrontar aos problemas que aparecen no ámbito da Psicología da Saúde
 - Interesarse pola aprendizaxe, a posta ao día e a formación continua
 - Adquirir motivación polo coñecemento, polo respecto e polo cumprimento da normativa ética propia da profesión e da investigación en Psicología da Saúde

Evolución previa da materia

| Alumnos matriculados | Cualificacións (porcentaxe) | | | | | | | |
|----------------------|-----------------------------|-------|--------|------|------|---------------|-------------------------|---------------------|
| | Non presentado | Susp. | Aprob. | Not. | Sob. | Mat. de Honra | Non superaron a materia | Superaron a materia |
| 2004-2005 | 23 | 10 | 35 | 29 | 3 | 0 | 33 | 67 |
| 2005-2006 | 19 | 13 | 34 | 33 | 1 | 0 | 32 | 68 |

*Métodos informados nas materias participantes**

| Método | Núm. de materias | Porcentaxe |
|--|-------------------------|-------------------|
| Autoavaliacións, en clase | 1 | 7,1 |
| Charlas/conferencias, fóra de clase | 1 | 7,1 |
| Comentarios críticos sobre textos, fóra de clase | 1 | 7,1 |
| Comentarios críticos sobre vídeos, fóra de clase | 1 | 7,1 |
| Presentación de traballos individuais, fóra de clase | 1 | 7,1 |
| Seminarios, fóra de clase | 1 | 7,1 |
| Análise de casos, fóra de clase | 2 | 14,3 |
| Autoavaliacións, fóra de clase | 2 | 14,3 |
| Charlas/conferencias, en clase | 2 | 14,3 |
| Exercicios, fóra de clase | 2 | 14,3 |
| Presentación de traballos individuais, en clase | 2 | 14,3 |
| Recensións, en clase | 2 | 14,3 |
| Recensións, fóra de clase | 2 | 14,3 |
| Resolución de problemas, fóra de clase | 2 | 14,3 |
| Análise de casos, en clase | 3 | 21,4 |
| Comentarios críticos sobre vídeos, en clase | 3 | 21,4 |
| Traballos individuais titorizados, en clase | 3 | 21,4 |
| Traballos individuais titorizados, fóra de clase | 3 | 21,4 |
| Procuras de materiais bibliográficos, en clase | 4 | 28,6 |
| Resolución de problemas, en clase | 4 | 28,6 |
| Comentarios críticos sobre textos, en clase | 5 | 35,7 |
| Presentación de traballos de grupo, fóra de clase | 5 | 35,7 |
| Lecturas, fóra de clase | 6 | 42,9 |
| Traballos de grupo titorizados, fóra de clase | 6 | 42,9 |
| Exercicios, en clase | 8 | 57,1 |
| Procuras de materiais bibliográficos, fóra de clase | 8 | 57,1 |
| Seminarios, en clase | 8 | 57,1 |
| Lecturas, en clase | 9 | 64,3 |
| Traballos de grupo titorizados, en clase | 10 | 71,4 |
| Presentación de traballos de grupo, en clase | 11 | 78,6 |

* ver descrición en anexo 3

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Titulación de Psicoloxía

Diversidade de métodos

| Número de métodos informados | Núm. de materias | Porcentaxe |
|------------------------------|------------------|------------|
| 5 | 1 | 7,1 |
| 8 | 1 | 7,1 |
| 10 | 1 | 7,1 |
| 11 | 1 | 7,1 |
| 13 | 1 | 7,1 |
| 17 | 1 | 7,1 |
| 7 | 4 | 28,6 |
| 9 | 4 | 28,6 |

As porcentaxes de utilización das distintas metodoloxías, cando se comparan as materias de baixa e de alta matrícula ou de participación (baixa e alto número de estudantes), indican que as primeiras fan un maior uso daqueles métodos que esixen o seguimento, a orientación ou a titoría persoal como os traballos individuais e de grupo titorizados ou os seminarios. A diversidade de métodos non varía entre os dous tipos de materias.

Condicións de implementación

| Condición | Núm. de materias | Porcentaxe |
|-----------------------|------------------|------------|
| Unha parte da materia | 1 | 7,1 |
| Parte dos grupos | 1 | 7,1 |
| Parte do profesorado | 2 | 14,3 |
| Obrigatoria | 6 | 42,9 |
| Voluntaria | 8 | 57,1 |
| Todo o profesorado | 12 | 85,7 |
| Toda a materia | 13 | 92,9 |
| Todos os grupos | 13 | 92,9 |

Cuantificación do traballo do alumnado, estimación do profesor

| MATERIA | Créditos ECTS* | Horas presenciais | Horas non presenciais |
|---|----------------|-------------------|-----------------------|
| 081102-Atención e emoción | 4.5 | 36 | 76 |
| 081204-Psicoloxía fisiolóxica | 10 | 89 | 161 |
| 081406-Técnicas de modificación de conducta | 10 | 100 | 150 |
| 081522-Psicofisioloxía aplicada | 4.5 | 44.5 | 67.5 |
| 081535-Psicoloxía do currículo | 4.5 | 33.5 | 79 |

| MATERIA | Créditos ECTS* | Horas presenciais | Horas non presenciais |
|--|----------------|-------------------|-----------------------|
| 081523-Psicoloxía da lectura | 4.5 | 38 | 72 |
| 081502-Psicoloxía da linguaxe | 4.5 | 31 | 81 |
| 081533-Familia e desenvolvemento humano | 5 | 35 | 90 |
| 081532-Dif. no desenv. da linguaxe e intervención | 4.5 | 36 | 76 |
| 081546-Rehabilitación psicosocial | 4.5 | 45 | 67 |
| 081531-Construción dos coñecementos escolares e aprendizaxe: dificultades e intervención | 8 | 60 | 140 |
| 081512-Orientación vocacional | 4.5 | 30 | 82 |
| 081536-Toma de decisión vocacional e inserción socio-laboral | 4.5 | 30 | 82 |
| 081541-Avaliación e intervención en psic. da saúde | 4.5 | 41 | 71 |

*1 crédito ECTS = 25 horas de traballo do alumno

Correspondencia do tempo de traballo estimado polo profesor na guía docente co tempo informado polo alumno

| Tempo real – tempo da guía, en horas | Núm. de materias | Porcentaxe |
|--------------------------------------|------------------|--------------|
| -34 | 1 | 6,7 |
| -16 | 1 | 6,7 |
| -19 | 1 | 6,7 |
| 10 | 1 | 6,7 |
| 11 | 1 | 6,7 |
| 7 | 1 | 6,7 |
| 11 | 1 | 6,7 |
| 12 | 1 | 6,7 |
| 22 | 1 | 6,7 |
| Total | 9 | 60,0 |
| Non informan | 6 | 40,0 |
| Total | 14 | 100,0 |

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Criterios de avaliación

| Criterios de Avaliación | Núm. de materias | Porcentaxe |
|--|-------------------------|-------------------|
| Comentarios críticos sobre textos | 2 | 14,3 |
| Comentarios críticos sobre vídeos | 2 | 14,3 |
| Resolución de problemas | 2 | 14,3 |
| Portafolios: 2 materias (13.3%) | 2 | 14,3 |
| Sínteses grupais sobre contidos dos temas | 2 | 14,3 |
| Exposición oral individual | 3 | 21,4 |
| Sínteses individuais sobre os contidos dos temas | 3 | 21,4 |
| Análises de casos | 3 | 21,4 |
| Exercicios | 3 | 21,4 |
| Recensións (sínteses críticas) | 4 | 28,6 |
| Traballo individual titorizado | 4 | 28,6 |
| Exposición oral grupal | 4 | 28,6 |
| Conclusións de seminarios | 5 | 35,7 |
| Asistencia a clase | 8 | 57,1 |
| Elaboración de informes de prácticas | 8 | 57,1 |
| Participación na dinámica de clase | 9 | 64,3 |
| Traballo grupal titorizado | 12 | 85,7 |
| Exames | 13 | 92,9 |

Comprobase, en liña co que se observou en relación á metodoloxía docente, que os criterios de avaliación que esixen o seguimento, a orientación ou a titoría persoal son empregados, en maior medida, nas materias de baixo número de estudantes.

Modalidades de exame

| Modalidade | Núm. de materias | Porcentaxe |
|---|-------------------------|-------------------|
| Comentarios de texto | 1 | 6,7 |
| Non hai exame | 1 | 6,7 |
| Exercicios | 3 | 21,4 |
| Preguntas abertas con requisitos de reprodución | 3 | 21,4 |
| Preguntas abertas con requisitos de elaboración | 7 | 46,7 |
| Proba obxectiva | 8 | 57,1 |

Nas materias de alta matrícula ou participación, a porcentaxe de utilización da proba obxectiva é de 85,7, mentres que nas de baixa matrícula é de 28,6. As porcentaxes para o resto de modalidades son maiores nas materias de baixa matrícula ou participación.

Ponderación

| Tipo | Núm. de materias | Porcentaxe |
|---|------------------|------------|
| Exames parciais liberatorios | 4 | 28,6 |
| Media ponderada das distintas actividades de avaliación | 12 | 80 |

| Actividade | Peso na cualificación | Núm. de materias | Porcentaxe |
|------------------------------------|-----------------------|------------------|------------|
| Participación na dinámica de clase | 5% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Recensións capítulos, artigos... | 5% | 1 | 7,1 |
| | 7% | 2 | 14,3 |
| | 10% | 1 | 7,1 |
| | 25% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Recensións de libros | 20% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Comentarios críticos de vídeos | 7% | 1 | 7,1 |
| | 10% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Conclusións de seminarios | 5% | 1 | 7,1 |
| | 7% | 1 | 7,1 |
| | 10% | 2 | 14,3 |
| | 15% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Traballo individual titorizado | 7% | 1 | 7,1 |
| | 9% | 1 | 7,1 |
| | 20% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Traballo grupal titorizado | 7% | 1 | 7,1 |

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO
Titulación de Psicoloxía

| Actividade | Peso na cualificación | Núm. de materias | Porcentaxe |
|--|-----------------------|------------------|------------|
| | 8% | 1 | 7,1 |
| | 10% | 1 | 7,1 |
| | 15% | 3 | 21,4 |
| | 20% | 2 | 14,3 |
| | 35% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Exposición oral individual | 5% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Exposición oral grupal | 5% | 1 | 7,1 |
| | 10% | 1 | 7,1 |
| | 15% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Sínteses individuais sobre os contidos dos temas | 30% | 1 | 7,1 |
| | 60% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Análise de casos | 10% | 2 | 14,3 |
| | 30% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Resolución de problemas | 20% | 1 | 7,1 |
| | 35% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Portafolios | 7% | 1 | 7,1 |
| | 10% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Informes de prácticas | 7% | 1 | 7,1 |
| | 9% | 1 | 7,1 |
| | 10% | 1 | 7,1 |
| | 15% | 1 | 7,1 |
| | 20% | 1 | 7,1 |
| | 30% | 1 | 7,1 |

| Actividade | Peso na cualificación | Núm. de materias | Porcentaxe |
|-----------------------|-----------------------|------------------|------------|
| | 50% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Exercicios | 10% | 1 | 7,1 |
| | | | |
| Asistencia a titorías | 5% | 1 | 7,1 |

A diversidade de criterios de avaliación é maior nas materias de baixa matrícula ou participación e o peso destes na cualificación final é tamén maior.

Datos de esforzo e opinións dos alumnos

Estimación da carga de traballo en horas por unidade de traballo (medias recadadas polo profesorado)

| Actividades | N* | Mínimo | Máximo | Media | Med. Rec. Prof. |
|--|----|--------|--------|-------|-----------------|
| Lecturas | 2 | 1 | 3 | 2 | 1,4 |
| Recensións de capítulos de libros, artigos... | 1 | 1,5 | 1,5 | 1,5 | . |
| Comentarios críticos sobre vídeos | 1 | 2 | 2 | 2 | . |
| Seminarios (análise-síntese de información, discusións...) | 2 | 3 | 3,5 | 4.4 | 2,1 |
| Traballos individuais titorizados | 2 | 6 | 10 | 8 | 2,8 |
| Traballos de grupo titorizados | 6 | 6 | 31,5 | 18,7 | 10,2 |
| Presentación de traballos individuais | 1 | 50 | 50 | 50 | . |
| Análise de casos | 1 | 6.5 | 6.5 | 6,5 | . |
| Autoavaliacións | 1 | 3 | 3 | 3 | . |
| Sínteses individuais sobre os contidos dos temas | 2 | 2 | 50 | 25 | 33.9 |
| Sínteses grupais sobre os contidos dos temas | 1 | 30 | 30 | 30 | . |
| Preparación exames | 1 | 20 | 20 | 20 | . |
| Informes de prácticas | 3 | 0,5 | 7 | 3,6 | 2,65 |
| Titoría | 1 | 3 | 3 | 3 | . |
| Estudo | 1 | 39,5 | 39,5 | 39,5 | . |

* N = Número de profesores que informan da tarefa.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Titulación de Psicoloxía

Cambios apreciados na metodoloxía docente respecto da xeneralidade das materias

| Faceta analizada | mínima | máxima | Media | Desv.típ |
|---|--------|--------|-------|----------|
| Traballos en equipo | 3 | 5 | 4,41 | ,633 |
| Recurso ao traballo en grupo | 3 | 5 | 4,40 | ,691 |
| Organización centrada no traballo do alumno | 2 | 5 | 4,17 | ,795 |
| Fomento da aprendizaxe autónoma | 2 | 5 | 4,09 | ,688 |
| Implicación na propia aprendizaxe | 1 | 5 | 3,87 | ,769 |
| Aplicabilidade dos contidos | 1 | 5 | 3,87 | ,842 |
| Interacción profesor-alumno | 2 | 6 | 3,76 | ,903 |
| Formación en competencias e destrezas | 1 | 5 | 3,76 | ,895 |
| Diversidade nos métodos de avaliación | 1 | 5 | 3,75 | ,753 |
| Traballos individuais | 1 | 5 | 3,72 | 1,079 |
| Retroalimentación | 1 | 5 | 3,68 | ,869 |
| Seminarios ou grupos de discusión | 2 | 5 | 3,60 | ,834 |
| Comprensión dos contidos | 1 | 5 | 3,59 | ,926 |
| Apoio en titorías personalizadas | 1 | 5 | 3,58 | ,873 |
| Diversidade nas fontes de información | 1 | 5 | 3,57 | ,706 |
| Variedade de materiais didácticos | 2 | 5 | 3,53 | ,709 |
| Conexión con outras materias | 1 | 5 | 3,48 | ,823 |
| Atención ás diferenzas individuais | 1 | 5 | 3,22 | ,793 |
| Prácticas de campo | 1 | 5 | 2,89 | 1,015 |
| Apoio en docencia virtual | 1 | 5 | 2,76 | ,909 |
| Clase maxistral | 1 | 5 | 2,52 | ,988 |
| Prácticas informáticas | 1 | 4 | 2,25 | ,940 |
| Prácticas de laboratorio | 1 | 5 | 2,22 | ,980 |
| Participación activa na clase | 1 | 5 | 3,78 | ,889 |
| Conferencias de expertos | 1 | 5 | 2,90 | 1,064 |

* As respostas dos alumnos axustáronse á seguinte escala:

1 moito menos 2 menos 3 igual 4 máis 5 moito máis

Obtivéronse diferenzas estatisticamente significativas entre as materias de alto e de baixo número de alumnos, nunha parte importante dos ítems. Apréciase un maior cambio nas materias de baixa matrícula ou participación a respecto de facetas como a interacción profesor-alumno, a retroalimentación, a implicación na propia aprendizaxe ou a comprensión de contidos.

Melloras percibidas

| Mellora | Porcentaxe de alumnos que a sinalan |
|---|-------------------------------------|
| Aprendizaxe de habilidades: comunicación, análise, síntese... | 7 |
| Traballo distribuído e constante | 8.6 |
| Traballos de grupo | 10 |
| Mellor comprensión e aprendizaxe construtiva | 11.7 |
| Maior implicación | 14.1 |

As porcentaxes de alumnos que sinalan os distintos tipos de vantaxes son maiores entre as materias de menor número de alumnos.

Déficits, problemas percibidos

| Déficit | Porcentaxe de alumnado que o sinala |
|-----------------------------|-------------------------------------|
| Sobrecarga de traballo | 11.7 |
| Tempo presencial escaso | 15.6 |
| Tempo non presencial escaso | 20.3 |

Propostas de mellora

- Un 11.7% dos alumnos sinala “axustar horarios”

Avaliación da experiencia polo profesorado

Vantaxes apreciadas na aplicación desta metodoloxía

| Vantaxe | Núm. de profesores que a sinalan | Porcentaxe |
|--|----------------------------------|------------|
| Diversidade de experiencias | 1 | 7,1 |
| Maior coordinación entre profesores | 1 | 7,1 |
| Facilitación da avaliación formativa | 1 | 7,1 |
| Facilitación da retroalimentación | 1 | 7,1 |
| Maior dedicación | 2 | 14,3 |
| Maior sensación de control sobre os resultados do propio esforzo | 2 | 14,3 |
| Seguimento personalizado do alumno | 2 | 14,3 |
| Maior aproximación á vertente aplicada dos coñecementos | 2 | 14,3 |
| Maior satisfacción do alumno | 3 | 21,4 |
| Maior participación en clase | 3 | 21,4 |
| Cualificacións máis válidas | 3 | 21,4 |

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Titulación de Psicoloxía

| Vantaxe | Núm. de profesores que a sinalan | Porcentaxe |
|---|----------------------------------|------------|
| Maior planificación do profesor | 3 | 21,4 |
| Mellores cualificacións | 4 | 28,6 |
| Maior interacción profesor-alumno | 4 | 28,6 |
| Aprendizaxe comprensiva | 5 | 35,7 |
| Traballo distribuído e continuado | 6 | 42,9 |
| Fomento de competencias: traballo en equipo | 6 | 42,9 |
| Maior implicación na propia aprendizaxe | 7 | 50 |

Dificultades apreciadas na aplicación desta

| Dificultade | Núm. de profesores que a sinalan | Porcentaxe |
|---|----------------------------------|------------|
| Excesivo tempo requirido para a avaliación continua | 1 | 7,1 |
| Acceso a base de datos | 1 | 7,1 |
| Escasa motivación nunha parte do alumnado | 1 | 7,1 |
| Desaxuste entre o nivel de competencia previo estimado e o real | 1 | 7,1 |
| Inseguridade ante a valoración do esforzo | 1 | 7,1 |
| Ritmo exixente por retroalimentación e avaliación continua | 1 | 7,1 |
| Alumnos de intercambio | 1 | 7,1 |
| Alumnos de primeiro ciclo | 1 | 7,1 |
| Tempo de dedicación en POD insuficiente | 1 | 7,1 |
| Ratio profesor/alumno | 2 | 14,3 |
| Inadecuación dos espazos | 2 | 14,3 |
| Falta de hábito de traballo autónomo | 3 | 21,4 |
| Tempo dispoñible para alumnos escaso e descoordinado | 4 | 28,6 |
| Grupos demasiado numerosos | 4 | 28,6 |
| Horario intenso en 5º | 6 | 42,9 |
| Sobrecarga de traballo debida a todas as materias | 7 | 50 |
| Tempo dispoñible do profesor insuficiente | 7 | 50 |

As vantaxes aprécianse en maior medida nas materias de baixo número de alumnos, segundo as porcentaxes rexistradas. Así mesmo, aprécianse as dificultades con maior claridade, no mesmo grupo de materias.

Propostas de mellora

| Proposta | Núm. de profesores que a sinalan | Porcentaxe |
|---|----------------------------------|------------|
| Facilitar acceso a bases de datos | 1 | 7,1 |
| Unir horario de teoría e prácticas | 1 | 7,1 |
| Recolocar o Practicum | 1 | 7,1 |
| Ofertar con carácter voluntario para o alumnado | 1 | 7,1 |
| Adaptar o nivel de exigencia das actividades ao alumno medio | 1 | 7,1 |
| Proporcionar directrices detalladas e claras para a realización das tarefas | 1 | 7,1 |
| Priorizar contidos para reducir a carga | 1 | 7,1 |
| Limitar a matrícula a alumnos de segundo ciclo | 1 | 7,1 |
| Diminuír a ratio profesor/alumno | 2 | 14,3 |
| Comezar en cursos anteriores | 2 | 14,3 |
| Axustar horarios | 3 | 21,4 |

Actividades que se modificarán/suprimirán para o próximo curso

Eliminará traballos individuais titorizados: 1 materia (7.1%)

Eliminará temas: 1 materia (7.1%)

Modificará seminarios: 1 materia (7.1%)

Modificará traballos de grupo titorizados: 1 materia (7.1%)

Modificará exposicións de traballos individuais: 1 materia (7.1%)

Modificará sínteses individuais sobre os contidos dos temas: 1 materia (7.1%)

Modificará carga teórica: 1 materia (7.1%)

Modificará exames: 1 materia (7.1%)

Novas recomendacións para o estudiantado á vista da experiencia

| Recomendación | Núm. de profesores que a sinalan | Porcentaxe |
|---|----------------------------------|------------|
| Seguir a guía | 1 | 7,1 |
| Informarse sobre a metodoloxía docente antes de seleccionar unha optativa | 1 | 7,1 |
| Abandonar a actitude pasiva | 1 | 7,1 |
| Preparación anticipada de actividades | 3 | 21,4 |

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Titulación de Psicología

¿Recomendaría o profesorado as/os compañeiras/os que non participaron na experiencia piloto que se incorporen a ela?

Contestan si: os profesores de 12 materias (80%)

Contestan non: os profesores de 2 materias (13.3%)

Rexistro-estimación do traballo do profesor

| Actividade | | Núm. de materias que informan |
|---|-----|-------------------------------|
| Preparación de clases maxistras (minutos/unidade temática) | 120 | 3 |
| | 180 | 1 |
| | 240 | 1 |
| | 408 | 1 |
| | 590 | 1 |
| Preparación de materiais de clase (minutos/unidade temática) | 45 | 1 |
| | 120 | 1 |
| | 240 | 1 |
| Preparación de charlas, conferencias... (total) | 840 | 1 |
| Corrección de exercicios (minutos/traballo) | 20 | 1 |
| Corrección de recensións de capítulos de libros, artigos... (minutos/traballo) | 15 | 1 |
| Corrección de recensións de libros (minutos/traballo) | 60 | 1 |
| Corrección de comentarios críticos sobre textos (minutos/traballo) | 5 | 1 |
| Corrección de comentarios críticos sobre vídeos (minutos/traballo) | 10 | 1 |
| Corrección de conclusións de seminarios (minutos/traballo) | 5 | 1 |
| | 30 | 1 |
| Corrección de traballos individuais titorizados (minutos/traballo) | 5 | 1 |
| | 15 | 1 |
| | 75 | 1 |
| | 180 | 1 |
| Preparación-orientación de traballos individuais titorizados (minutos/traballo) | 200 | 1 |
| | 15 | 1 |
| | 150 | 1 |

| Actividade | | Núm. de materias que informan |
|---|-----|-------------------------------|
| | 300 | 1 |
| Corrección de traballos de grupo titorizados (minutos/traballo) | 5 | 1 |
| | 60 | 1 |
| | 100 | 1 |
| | 142 | 1 |
| | 150 | 1 |
| | 180 | 1 |
| Preparación-orientación de traballos de grupo titorizados (minutos/traballo) | 20 | 1 |
| | 75 | 1 |
| | 100 | 1 |
| | 420 | 1 |
| Corrección de exposición de traballos individuais (minutos/traballo) | 5 | 1 |
| Corrección de exposición de traballos de grupo (minutos/traballo) | 5 | 1 |
| Corrección de análise de casos (minutos/traballo) | 10 | 1 |
| | 60 | 1 |
| | 75 | 1 |
| Preparación-orientación de análise de casos (minutos/traballo) | 30 | 1 |
| Corrección de resolución de problemas (minutos/traballo) | 5 | 1 |
| Corrección de sínteses individuais sobre os contidos dos temas (minutos/traballo) | 5 | 1 |
| | 15 | 1 |
| | 75 | 1 |
| Corrección de sínteses grupais sobre os contidos dos temas (minutos/traballo) | 43 | 1 |
| | 60 | 1 |
| Preparación de exames (minutos/exame) | 60 | 1 |
| | 120 | 1 |
| | 240 | 1 |
| | 960 | 1 |

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

Titulación de Psicología

| Actividade | | Núm. de materias que informan |
|--|-------|-------------------------------|
| Corrección de exames (minutos/exame) | 5 | 1 |
| | 10 | 2 |
| | 15 | 4 |
| Realización de exames (minutos/exame) | 90 | 1 |
| | 120 | 1 |
| | 240 | 1 |
| | 1740 | 1 |
| Corrección de informes de prácticas (minutos/traballo) | 5 | 1 |
| | 10 | 1 |
| | 15 | 1 |
| | 30 | 1 |
| Guía docente | 120 | 2 |
| | 1200 | 1 |
| Guías de estudo (minutos/guía) | 4920 | 1 |
| Organización-programación (total) | 300 | 1 |
| | 480 | 1 |
| | 600 | 1 |
| | 1125 | 1 |
| Reunións de coordinación (total) | 120 | 1 |
| | 240 | 1 |
| | 300 | 1 |
| Titoría (total) | 180 | 1 |
| | 420 | 1 |
| | 600 | 1 |
| | 14040 | 1 |
| Avaliación final (total) | 960 | 1 |
| | 2520 | 1 |
| Seguimento do tempo de dedicación do alumno (total) | 300 | 1 |
| | 960 | 1 |

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)

5

5. Avaliación global

5. Avaliación global do proceso de experimentación (resultado crítico das súas experiencias)

A valoración a respecto da experiencia de adaptación ao crédito europeo, que recolle tanto as consideracións do equipo decanal como as opinións proporcionadas polos diferentes axentes implicados, xira arredor dos seguintes elementos:

1) A disposición que amosou o profesorado foi altamente satisfactoria. A participación de 17 profesores/as (finalmente 12 completaron a experiencia) sobre un total de 73, supón unha porcentaxe moi superior á esperada, de termos en conta que:

- O profesorado da facultade está entre o que soporta unha maior carga docente da USC, ao límite ou mesmo, nalgún caso, por riba da súa obriga contractual, o que xera a percepción dun 'agravio comparativo' co profesorado doutros centros desta universidade.
- A participación na experiencia non tivo ningún recoñecemento na carga docente, posto que nin a facultade nin os departamentos se poden permitir recoñecela en POD, pois isto suporía deixar horas de clase presencial sen cubrir.
- O esforzo investido en actividades de tipo docente non ten ningún recoñecemento institucional (a súa valoración no currículo académico para os efectos de promoción é practicamente irrelevante) nin económico (os complementos retributivos asociados á actividade docente concédense con carácter practicamente automático e universal).

Ademais do profesorado que participou na adaptación das materias que imparte, cómpre sinalar que houbo outros/as que, sen daren este paso, participaron nas actividades de formación docente que se organizaron asociadas a esta experiencia piloto e, tamén, noutras actividades relacionadas tales como o programa de tutorías individualizadas dirixido ao estudiantado de 1º curso.

Por tanto, e aínda que as condicións non permitiron desenvolver a experiencia como sería desexable (por cursos completos e desde o primeiro ano de estudos), a valoración que se fai da implicación do profesorado na mellora docente é boa.

2) A experiencia confirmou boa parte das previsións, no sentido de que as condicións actuais en que se desenvolve a docencia na facultade fan dificilmente practicable unha adaptación en condicións ao crédito europeo en boa parte das materias:

- O tamaño dos grupos de clase teórica nas materias troncais e obrigatorias (máis de 125 estudantes por grupo) fai practicamente imposible implantar metodoloxías docentes centradas na aprendizaxe dos/as estudantes, pois non é factible un seguimento razoablemente individualizado destes.
- No caso das clases prácticas destas mesmas materias, ou ben os grupos son tamén excesivamente grandes (40-50 estudantes por grupo), co que incorren no mesmo problema que os de teoría, ou ben son moi numerosos (14-17 grupos de práctica por cada grupo de teoría) polo que cada práctica se ten que organizar ao longo de dúas semanas, o que imposibilita unha adecuada coordinación entre as clases teóricas e as prácticas.

- O profesorado que implantou a experiencia en materias destas características tivo que dedicar un tempo de traballo fóra das clases presenciais, moi superior ao que se lle pode esixir con carácter ordinario, e tivo que abandonar, durante o cuadrimestre de clases, as súas restantes obrigas (fundamentalmente as investigadoras). Por tanto, non é posible xeneralizar a experiencia nestas condicións; nin sequera podemos contar con que se manteña en todas as materias en que se iniciou.
- As condicións organizativas tampouco son adecuadas para este cambio metodolóxico: aulas de gran tamaño e con mobiliario inflexible, horarios ríxidos que dificilmente se poden flexibilizar, na medida en que o gran número de grupos fai que os espazos estean permanentemente ocupados, e que implican que tanto o estudantado como o profesorado teña clases presenciais de mañá e de tarde (para combinar as clases teóricas e as prácticas) etc. Son condicións todas elas incompatibles coa metodoloxía que se pretende.

3) Confírmose tamén que, cun tamaño e cun número de grupos adecuado, a experiencia é doadamente xeneralizable: no caso de boa parte das materias optativas de quinto curso, en que o número de estudantes está por debaixo dos 30, e en que, por tanto, existe o mesmo número de grupos de teoría que de prácticas, faise posible:

- o seguimento individualizado do traballo dos/as estudantes e o traballo en competencias
- a perfecta combinación das clases de teoría e de práctica, de xeito que as actividades se desenvolven, con independencia da “etiqueta” que reciba esa sesión, en función do que se considere máis adecuado para cada unidade temática
- a organización de sesións de titoría, individual ou en pequenos grupos

Ademais, púxose de manifesto que, cando o profesorado conta con estas condicións, xa viña desenvolvendo, en boa medida, un sistema de ensino/aprendizaxe adecuado ao que agora se coñece como ‘crédito europeo’, de tal xeito que a única ‘innovación’ ou ‘adaptación’ precisa consiste en sistematizar e protocolizar a súa metodoloxía docente canto á elaboración da guía, á cuantificación do tempo de traballo dos/as estudantes etc. Non obstante, esta sistematización foi convenientemente aproveitada por este profesorado para reflexionar sobre a súa actividade docente e, se for o caso, axustala e melloralala.

Nestas materias, con todo, fixéronse máis evidentes algúns problemas organizativos que en materias masificadas pasan máis desapercibidos. En concreto, reveláronse as dificultades que, para a organización da actividade docente, derivan da prolongación excesiva que neste momento se produce nos períodos de matrícula, así como a excesiva flexibilidade de que gozan os/as estudantes á hora de modificala. Dado que a matrícula non remata ata un mes despois de comezadas as clases, o profesorado non pode saber, ao comezo do curso, con cantos estudantes conta; tanto o número como a identidade dos estudantes matriculados varía ata mediado o cuadrimestre, o que dificulta tremendamente a organización de actividades de traballo en grupo, tanto presenciais como non presenciais.

4) Canto aos/ás estudantes, púxose de manifesto que:

- Son inicialmente remisos ás propostas de cambio metodolóxico que supoñan un maior protagonismo nas actividades de ensino/aprendizaxe

- Unha vez incorporados a este sistema, prodúcense queixas bastante xeneralizadas a respecto do nivel de dedicación que esixen, na medida en que non lles permite a concentración de todo o seu traballo en breves períodos intensivos antes dun exame
- Non obstante, ao remate do curso, evidéncianse dous elementos relevantes:
 - o tempo de dedicación que se esixe non está (cando menos non o estivo nas materias en que se recolleu esta información neste curso) por riba das estimacións previas do profesorado, e mesmo, nalgún dos casos en que se queixaron dunha excesiva demanda, estivo por debaixo da estimación estándar de 25 horas por crédito
 - a súa valoración da efectividade do sistema modifícase, ao percibir que, globalmente, adquiriron coñecementos e competencias maiores ou máis consolidadas.

Por tanto, semella que as reticencias iniciais derivan da desconfianza cara á novidade e da súa falta de experiencia con sistemas de ensino/aprendizaxe activos e que convén que a avaliación dos niveis de satisfacción se faga un tempo despois do remate do curso.

Por outra parte, cómpre sinalar que nas reunións de coordinación que se realizaron cos estudantes a mediados dos cuadrimestres, permitiron identificar e corrixir (ou ter en conta para o futuro) algúns problemas tanto de coordinación entre materias como relativos a materias particulares. Así pois, estas reunións, en que o número de estudantes participantes foi baixo, mais a que acudiron aqueles máis implicados, resultaron de gran utilidade.

5) No que se refire á coordinación entre materias, revélase como o aspecto máis problemático ou complexo, toda vez que o sistema tradicional de organización da docencia concibe, en boa medida, as materias como compartimentos relativamente estancos e cómpre mudar esta concepción.

- As reunións periódicas co profesorado participante permitiu a reflexión colectiva a respecto da necesidade de coordinar os obxectivos (nomeadamente os competenciais) establecidos para as diferentes materias, sobre todo cando se tratar de materias do mesmo curso, así como a organización do traballo, para evitar que se produzan solapamentos e que as actividades se concentren excesivamente en períodos concretos do curso. Non obstante, resultou difícil a posta en práctica destas reflexións, especialmente en 5º curso (en que se concentrou unha alta porcentaxe das materias participantes), en que, por mor da organización do *prácticum*, o período lectivo se ve reducido a tan só 10 semanas por cuadrimestre.
- Xeráronse tamén queixas de profesorado de materias que non formaban parte da experiencia, quen apreciou un descenso na asistencia ás clases que os/as estudantes xustificaban pola demanda de dedicación das materias adaptadas. Se ben este problema debe ser avaliado con cautela (toda vez que, como se indica no punto anterior, a atribución dun exceso de traballo non se verifica na cuantificación deste que realizan os propios estudantes), non debe ser ignorado.

5. Avaliación global

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)




6. Recomendacións

6. Recomendacións sobre as necesidades de organización, de recursos e de cambios de xestión

En resumo, a xeneralización de metodoloxías de ensino/aprendizaxe máis activas, centradas no traballo do estudiantado e que fomenten a adquisición de competencias e non só de contidos, requiren dunha serie de condicións de que neste momento non se dispón (no relativo a infraestruturas, a instalacións e a recursos humanos). Calquera avaliación do cumprimento dos obxectivos da converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior debe ter presente as condicións en que se desenvolve este proceso. A esixencia aos centros e ás titulacións, neste sentido, debe ir acompañada dunha adecuada dotación dos recursos precisos, así como dun recoñecemento curricular da actividade docente que incentive a actualización e a mellora desta faceta da función do profesorado universitario. Entre as necesidades que cómpre destacar sitúanse:

- Mellora das ratios estudantes/profesor, que se deberían reducir, probablemente, á metade do valor en que actualmente se achán nesta titulación (arredor de 23 estudantes por profesor)
- Redución do número de estudantes por grupo, que, se ben pode variar en función do tipo de actividades, non debería superar en ningún caso os 50 estudantes por grupo
- Cambio no sistema de cómputo da dedicación docente do profesorado, que debe incluír outras actividades ademais das clases presenciais.
- Modificación dos parámetros de organización da docencia, canto á diferenciación entre grupos de “teoría”, “prácticas de encerado”, “prácticas de laboratorio”, “seminarios” que pretenden un encadramento do tipo de actividades que hai que desenvolver incompatible coas metodoloxías que se pretenden xeneralizar
- Flexibilidade na organización dos horarios, que permita adaptar os módulos de clase, e mesmo a súa periodicidade, ao tipo de actividades que se realizan en diferentes momentos do período lectivo
- Mellora da coordinación entre as materias para unha adecuada planificación dos obxectivos e das actividades para realizar ao longo do curso
- Adaptación das instalacións docentes para que, conxuntamente coa redución do número de estudantes, se poidan organizar os horarios lectivos de forma máis razoable, de xeito que se garanta un tempo adecuado para as tarefas formativas e de aprendizaxe fóra da aula
- Novas dotacións dos espazos docentes (aulas, bibliotecas) que se adecúen aos tipos de actividade, máis variadas e flexibles, que se pretenden desenvolver, xunto coa dotación de espazos de traballo para os/as estudantes
- Cambio nos períodos de matrícula que permitan coñecer, antes do comezo das actividades, que estudantes van participar nelas

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2004-05, 2005-06)





7. Anexos

ANEXO I. Cuestionario de avaliación da experiencia piloto, para alumnado

FACULDADE DE PSICOLOXÍA

Cuestionario de avaliación da experiencia piloto da adaptación de materias ao crédito europeo

Cambios que apreciaches na **metodoloxía docente** a respecto da xeneralidade das materias.

| | 1 moito menos | 2 menos | 3 igual | 4 máis | 5 moito máis |
|--|---------------|---------|---------|--------|--------------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 1. Organización centrada no traballo do alumno | | | | | |
| 2. Fomento da aprendizaxe autónoma | | | | | |
| 3. Recurso ao traballo en grupo | | | | | |
| 4. Interacción profesor-alumno | | | | | |
| 5. Retroalimentación | | | | | |
| 6. Implicación na propia aprendizaxe | | | | | |
| 7. Atención ás diferenzas individuais | | | | | |
| 8. Apoio en titorías personalizadas | | | | | |
| 9. Variedade de materiais didácticos | | | | | |
| 10. Diversidade nas fontes de información | | | | | |
| 11. Apoio en docencia virtual | | | | | |
| 12. Diversidade nos métodos de avaliación | | | | | |
| 13. Comprensión dos contidos | | | | | |
| 14. Aplicabilidade dos contidos | | | | | |
| 15. Conexión con outras materias | | | | | |
| 16. Formación en competencias e destrezas | | | | | |
| Metodos Instruccionais | | | | | |
| 17. Clase maxistral | | | | | |
| 18. Traballos individuais | | | | | |
| 19. Traballos en equipo | | | | | |
| 20. Seminarios ou grupos de discusión | | | | | |
| 21. Prácticas de campo (se procede) | | | | | |
| 22. Prácticas informáticas (se procede) | | | | | |

7. Anexos

Titulación de Psicología

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| 23. Prácticas de laboratorio (se procede) | | | | | |
| 24. Participación activa na clase | | | | | |
| 25. Conferencias de expertos | | | | | |

Outras novidades que destacarías: _____

Melloras percibidas: _____

Déficits, problemas percibidos: _____

Propostas de mellora: _____

ANEXO II. Cuestionario de avaliación da experiencia piloto, para profesorado

FACULTADE DE PSICOLOXÍA

Cuestionario de avaliación da experiencia piloto da adaptación de materias ao crédito europeo

Materia: _____

Profesor/a: _____

Número de alumnos matriculados/participantes: _____

1. Condicións de implantación da experiencia

| | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Toda a materia | <input type="checkbox"/> Todo o profesorado |
| <input type="checkbox"/> Unha parte da materia | <input type="checkbox"/> Parte do profesorado |
| <input type="checkbox"/> Todos os grupos | <input type="checkbox"/> Obrigatoria |
| <input type="checkbox"/> Parte dos grupos | <input type="checkbox"/> Voluntaria |

2. Métodos de ensino utilizados na experiencia piloto

| En clase | Fóra de clase | |
|--------------------------|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Clase maxistral |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Exercicios |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Procuras de materiais bibliográficos |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Lecturas |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Recensións (sínteses críticas) |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Comentarios críticos sobre textos |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Comentarios críticos sobre vídeos |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Seminarios (análise-síntese de información, discusións...) |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Traballos individuais titorizados |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Traballos de grupo titorizados |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Presentación de traballos individuais |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Presentación de traballos de grupo |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Análise de casos |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Resolución de problemas |

7. Anexos

Titulación de Psicología

| En clase | Fóra de clase | |
|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Autoavaliacións |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | Outros (especificíquese) |

3. Criterios de avaliación utilizados na experiencia piloto

- Exames
- Asistencia a clase
- Participación na dinámica de clase
- Recensións (sínteses críticas)
- Comentarios críticos sobre textos
- Comentarios críticos sobre vídeos
- Conclusións de seminarios (análise-síntese de información, discusións...)
- Traballo individual titorizado
- Traballo grupal titorizado
- Exposición oral individual
- Exposición oral grupal
- Síntese individual sobre os contidos dos temas
- Análise de casos
- Resolución de problemas
- Portafolios
- Elaboración de informes de prácticas
- Outros (especificíquese)

4. Modalidades de exames

- Proba obxectiva
- Exercicios
- Preguntas abertas con requisitos de reprodución
- Preguntas abertas con requisitos de elaboración
- Comentarios de texto
- Análises de casos
- Non hai exame
- Outras (especificíquese)

5. Ponderación

- Exames parciais liberatorios
- Exames parciais non liberatorios cun peso específico na cualificación final
- Media ponderada das distintas actividades de avaliación
- Outros tipos (especifíquese)

6. Porcentaxe da cualificación que se reserva a actividades diferentes do exame ou exames (especificar as actividades e o peso porcentual, **procurar que coincidan coas categorías sinaladas no ítem 3**)

7. Vantaxes apreciadas na aplicación de dita metodoloxía

8. Dificultades apreciadas na aplicación desta

9. Rexistro do traballo do alumno: tempo medio **por unidade de traballo**, segundo tipo de actividade (**procurar que coincidan coas categorías sinaladas nos ítems 2 e 3**)

Exemplos:

- *Lecturas: 60' cada unha*
- *Recensións: 120' cada unha*
- *Informes de prácticas: 180' cada un*
- *Traballo titorizado: 360' un traballo*

10. Correspondencia do tempo de traballo estimado polo profesor na guía docente co tempo informado polo alumno

11. Rexistro-estimación do traballo do profesor

| | |
|---|--|
| Preparación de clases maxistras (minutos/unidade temática) | |
| Preparación de materiais de clase (minutos/unidade temática) | |
| Preparación de charlas, conferencias... (total) | |
| Corrección de exercicios (minutos/traballo) | |
| Corrección de recensións de capítulos de libros, artigos... (minutos/traballo) | |
| Corrección de recensións de libros (minutos/traballo) | |
| Corrección de comentarios críticos sobre textos (minutos/traballo) | |
| Corrección de comentarios críticos sobre vídeos (minutos/traballo) | |
| Corrección de conclusións de seminarios (minutos/traballo) | |
| Preparación-orientación de traballos individuais titorizados (minutos/traballo) | |
| Corrección de traballos individuais titorizados (minutos/traballo) | |
| Preparación-orientación de traballos de grupo titorizados (minutos/traballo) | |

7. Anexos

Titulación de Psicología

| | |
|---|--|
| Corrección de traballos de grupo titorizados (minutos/traballo) | |
| Corrección de exposición de traballos individuais (minutos/traballo) | |
| Corrección de exposición de traballos de grupo (minutos/traballo) | |
| Corrección de análise de casos (minutos/traballo) | |
| Corrección de resolución de problemas (minutos/traballo) | |
| Corrección de autoavaliacións (minutos/traballo) | |
| Corrección de sínteses individuais sobre os contidos dos temas (minutos/traballo) | |
| Corrección de sínteses grupais sobre os contidos dos temas (minutos/traballo) | |
| Corrección de informes de prácticas (minutos/traballo) | |
| Preparación de exames (minutos/exame) | |
| Corrección de exames (minutos/exame) | |
| Realización de exames (minutos/exame) | |
| Guía docente | |
| Guías de estudo (minutos/guía) | |
| Organización-programación (total) | |
| Reunións de coordinación (total) | |
| Asistencia (total) | |
| Titoría (total) | |
| Avaliación final (total) | |
| Seguimento do tempo de dedicación do alumno (total) | |
| Outros (especificítese) | |

12. Propostas de mellora:

13. Valoración, nunha escala de 1 a 5, do cumprimento das guías docentes nos seguintes apartados:

competencias....

obxectivos....

contidos...

14. Que actividades suprimirás para o próximo curso?

15. Novas recomendacións para o estudante á vista da experiencia:

16. Recomendarías as/os compañeiras/os que non participaron na experiencia piloto que se incorporen a ela?

Si

Non

ANEXO III. Metodoloxías docentes

Sintetízanse, de seguido, as características dos métodos consignados polos profesores, segundo a descrición destes que se recolle nos programas das materias.

O alumnado recibe, ao comezo do primeiro curso, por parte do persoal da biblioteca do centro, un seminario sobre acceso á información bibliográfica. Preténdese, con este, fomentar as habilidades de acceso á documentación e ás fontes bibliográficas en Psicoloxía, o uso das fontes orixinais, a lectura, a análise e a reflexión crítica do material que achou. As *Procuras bibliográficas* son solicitadas e computadas nas cualificacións en distintas materias da titulación.

A análise e a discusión de casos constitúe unha das tarefas máis valoradas para a formación do psicólogo, na súa vertente práctica. O alumno informa da realización de *Casos clínicos* nunha das materias troncais da titulación (Psicopatoloxía). Trátase de casos extraídos de documentos bibliográficos ou en vídeo que serán consultados polos estudantes. En función destes documentos terán que identificar e que analizar a sintomatoloxía do caso, suxerir posibles diagnósticos comórbidos e diferenciais, avanzar o curso e o pronóstico e indicar posibles factores etiolóxicos e modelos explicativos. Afróntanse outros tipos de análise e de discusión de casos nas prácticas doutras materias da titulación, así como en tarefas non presenciais das materias optativas, non incluídas no estudo.

Os *informes de prácticas* son unha das tarefas máis solicitadas polos profesores como medio para avaliar a participación e o aproveitamento das actividades prácticas presenciais ou de campo da titulación. A súa estrutura varía entre materias, aínda que adoita contemplar os seguintes compoñentes: unha introdución teórica sobre o aspecto que se tratou, a descrición da actividade que se desenvolveu e os resultados obtidos e un comentario, intentando conectar a experiencia cos coñecementos adquiridos noutras actividades de ensino-aprendizaxe.

Baixo o rótulo de *Exercicios* agrupamos todas aquelas actividades que teñen como cometido principal a consolidación de contidos teóricos ou de destrezas. Poden ser moi variadas dependendo das materias; así, por exemplo, nas materias metodolóxicas é frecuente a práctica da aplicación dos procedementos aprendidos. No estudo, rexístrase como tarefa non presencial a realización de exercicios de identificación, a observación, o debuxo de estruturas cerebrais... enmarcados na materia *Fundamentos de Psicobioloxía* de primeiro curso.

As *exposicións orais* adoitan ser o colofón dun traballo de grupo ou individual; a través delas, o alumnado presenta aos seus compañeiros unha síntese do seu traballo. Valóranse nelas a organización, a claridade expositiva, os esquemas, ilustracións... empregados, a corrección no uso da linguaxe etc.

As *lecturas* contéplanse como forma de dar acceso ao alumnado a fontes orixinais e/ou complementarias ás manexadas na perspectiva que ofrece o profesor nas súas clases maxistras. Solicítase habitualmente do estudante unha recensión dos documentos bibliográficos que manexou.

A *Resolución de problemas* rexístrase nas materias *Análises de Datos I* e *Análises de Datos II*. Trátase, segundo se especifica nos programas das citadas materias, de proble-

mas estatísticos en que se aplican os coñecementos adquiridos e en que se manexa un programa informático de análise estatística.

Os *Traballos de grupo* e *Traballos individuais* consisten en tarefas complexas que implican diversas destrezas, entre as que cabe destacar a procura de documentación, a análise e a síntese da información recollida e a exposición escrita desta síntese.

ANEXO IV. Relación do persoal implicado na experiencia

Profesorado:

Amenedo Losada, M^a Elena (área de Psicobioloxía)

Carrillo de la Peña, M^a Teresa (área de Psicobioloxía)

Castro Balsa, M^a Josefa (área de Psicología Evolutiva e da Educación)

Díaz Fernández, Olga (área de Personalidade, Avaliac. e Tto. Psicolóxicos)

Fraga Carou, M^a Isabel (área de Psicología Básica)

Páramo Fernández, M^a Fernanda (área de Psic. Evolutiva e da Educación)

Pérez Pereira, Miguel (área de Psicología Evolutiva e da Educación)

Ponte Fernández, M^a Dolores (área de Psicología Básica)

Redondo Lago, Jaime Mauro (área de Psicología Básica)

Sampedro Vizcaya, M^a José (área de Psicología Básica)

Senra Rivera, Carmen (área de Personalidade, Avaliac. e Tto. Psicolóxicos)

Tinajero Vacas, Carolina (área de Psicología Evolutiva e da Educación)

Torres Maroño, M^a Carmen (área de Psicología Evolutiva e da Educación)

Vázquez González, Fernando Lino (área de Pers., Avaliac. e Tto. Psicol.)

Vázquez Rodríguez, M^a Isabel (área de Pers., Avaliac. e Tto. Psicol.)

Equipo de dirección da Facultade:

Díaz Fernández, Fernando (decano)

Tinajero Vacas, Carolina (vicedecana encargada de EEES e coordinadora da experiencia)

Rodríguez Holguín, Socorro (vicedecana encargada de Calidade)

Persoal administrativo:

Non se puido contar coa participación de persoal administrativo

